

corpo, establecendo, entre eles, o de ter una estatura mínima que se determina en función do sexo do aspirante.

Tal requisito ten a súa xustificación na especialidade e nas peculiaridades das funcións que a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, lles encomenda aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía, que implican, entre outros, o uso institucionalizado da coacción xurídica.

A aplicación práctica do indicado regulamento, durante os anos que transcorreron desde a súa entrada en vigor puxo de manifesto que a estatura mínima exixida á muller impediu o ingreso do colectivo feminino no Corpo Nacional de Policía nunhas condicións de igualdade con respecto ao colectivo masculino, ao existir una clara desproporción entre a estatura mínima exixida á muller, que está por riba da estatura media nacional feminina, con respecto á exixida ao home, que está por debaixo da estatura media nacional masculina, coas consecuentes consecuencias discriminatorias para a muller nese ámbito.

Para lle dar unha solución a esta circunstancia, que impediu unha integración no Corpo Nacional de Policía en igualdade de condicións para o colectivo feminino, e en consonancia cos principios que inspiran o acordo aprobado polo Consello de Ministros o 4 de marzo de 2005, polo que se aproba o Plan para a igualdade de xénero na Administración xeral do Estado, procédese a reducir a estatura exixida á muller para o seu ingreso no indicado instituto policial.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Policía de conformidade co disposto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 3 de marzo de 2006,

DISPÓNDO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril.*

O Regulamento de procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril, queda modificado como segue:

A alínea c) do artigo 7 queda redactada do seguinte modo:

«c) Ter una estatura mínima de 1,70 metros os homes e 1,60 metros as mulleres.»

Disposición transitoria única. *Aplicación aos procesos selectivos en curso.*

As previsións contidas neste real decreto serán de aplicación a aqueles procesos selectivos de ingreso convocados con anterioridade á entrada en vigor desta norma, en que non finalizase o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JOSÉ ANTONIO ALONSO SUÁREZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4015 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único.* («BOE» 57, do 7-3-2006.)

Advertidos erros no Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, publicado no *Boletín Oficial del Estado*, suplemento número 1 en lingua galega, do 2 de xaneiro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 197, primeira columna, artigo 5.1., onde di: «. nos artigos 37, 40, 42, 53 e 62.»; debe dicir: «. nos artigos 37, 40, 42, 53, 62, 64 e 65.».

Na páxina 197, segunda columna, artigo 6.3., onde di: «O ano 2006.»; debe dicir: «No ano 2006.».

Na páxina 198, segunda columna, artigo 9.1.c), terceira liña, onde di: «tendo solicitado a axuda», debe dicir: «tendo solicitado ou non a axuda».

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

4118 *CORRECCIÓN de erros da Orde APU/293/2006, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.* («BOE» 57, do 8-3-2006.)

Advertidos erros na Orde APU/293/2006, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 3 en lingua galega, do 1 de marzo de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 470, segunda columna, disposición adicional terceira, segunda liña, onde di: «..., o importe que se cofinancie, serao unicamente polo importe de execución material destas,...», debe dicir: «... o importe que se cofinancie, serao polo do orzamento do proxecto destas,...».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4206 *ORDE APA/646/2006, do 8 de marzo, pola que se amplía o prazo para a presentación das solicitudes no réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e á gandaría.* («BOE» 58, do 9-3-2006.)

O artigo 4.3 do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos